

## PREGUNTA ORAL SOBRE A RETIRADA DAS BARREIRAS EXTERIORES NO TÚNEL DO HÓRREO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Desde a súa inauguración en maio de 2011, o túnel do Hórreo viña dispoñendo de catro barreiras exteriores, dúas en cada un dos accesos, colocadas como medida de seguridade para calquera eventualidade que fixera necesario impedir o acceso dos vehículos ao seu interior.

A necesidade da instalación destes elementos aparece recollida no Real Decreto 635/2006, do 26 de maio, sobre requisitos mínimos de seguridade nos túneles das estradas do Estado (transposición da Directiva 2004/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre requisitos mínimos de seguridade para túneles da rede transeuropea de estradas), onde se cita expresamente este tipo de barreiras entre as medidas que se deben dispoñer, xunto cos semáforos, á entrada dos túneles.

Precisamente esta norma estatal aparece recollida no primeiro lugar entre a normativa de referencia que se cita no prego de prescripcións técnicas para a contratación dos “servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal” que o Concello licitou por 498.650 euros/ano e adxudicou definitivamente en agosto de 2015.

A existencia das barreiras exteriores son elementos de gran importancia para afrontar o potencial perigo que supoñen os túneles porque, tal e como sinala a normativa estatal citada, *“calquera incidencia grave que lles afecte pode provocar alarma social, dadas as circunstancias concorrentes e específicas do lugar en que se produce, as dificultades de rescate ou evacuación, o dramatismo provocado polo confinamento ou o trastorno que para o sistema de transportes pode supoñer o peche temporal dun tramo viario, en ocasións con alternativas difíciles ou inexistentes”*.

No caso do túnel do Hórreo esta xustificación xeral queda aínda reforzada se temos en conta que se trata dun tramo urbano subterráneo que supera os 500 metros, situado no eixo da SC-20, o segundo acceso con máis densidade de tráfico de Galicia, cunha intensidade media diaria (IMD) de preto de 62.000 vehículos, segundo os últimos datos dispoñibles do Ministerio de Fomento.



A pesar da importancia de manter operativas estas medidas de seguridade, desde hai varias semanas constatamos que as barreiras exteriores do túnel do Hórreo foron retiradas dos seus accesos, mantendo unicamente as súas bases carentes de utilidade, co que iso significa de redución da seguridade nesta infraestrutura.

Tendo en conta esta situación, o Grupo Popular formula a seguinte pregunta:

***Cando e por que motivo foron retiradas as barreiras exteriores das entradas ao túnel do Hórreo e cando se van repoñer estes elementos de seguridade?.***

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela